

Plantilla memoria resumo modificacións de **Filoloxía Aplicada Galega e Española**

Universida_{de}Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

Realízase unha modificación que non afecta nin á estrutura do plan de estudos nin a materias nin contidos. Trátase fundamentalmente da adaptación á nova normativa relativa ás titulacións. A única modificación de calado responde á introdución da modalidade virtual na titulación. Polo tanto, o mesmo título terá unha modalidade presencial e outra modalidade virtual. Engádense, así, apartados específicos nas fichas de cada materia para as metodoloxías, o reparto das horas e a avaliación para cada unha das modalidades.

Así, as fichas das distintas materias manterán a información común relativa aos resultados de aprendizaxe, contidos e observacións, e expresaranse de forma diferencial aqueles aspectos que diverxen en cada modalidade: sistemas de avaliación, actividades formativas e metodoloxías docentes, garantindo así a coherencia académica e a equivalencia formativa entre as modalidades presencial e virtual, pero respectando a súa especificidade na práctica docente, sen que isto supoña unha alteración da natureza, o nivel académico, os obxectivos formativos nin os resultados de aprendizaxe do título.

Por outra banda, elimínanse redundancias nos títulos das materias por mor dunha maior claridade e se actualiza tamén a táboa dos 90 cr. Compartidos co Grao en Linguas Estranxeiras no que deriva tamén da eliminación das redundancias. Introdúcese tamén a táboa de recoñecementos do plan actual á nova proposta.

Esta memoria recolle así mesmo as modificacións introducidas nas materias que este título comparte co Grao en Linguas Estranxeiras, actualmente tamén en proceso de modificación. En particular, concrétnanse os niveis de entrada e de saída establecidos conforme ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) en cada unha das materias de linguas estranxeiras —inglés, francés, alemán e portugués—, co fin de definir de maneira máis precisa os resultados de aprendizaxe e a progresión competencial do estudantado. As modificacións afectan exclusivamente ao nivel das materias e aos sistemas de avaliación e á ponderación das actividades, reforzando a coherencia entre os resultados de aprendizaxe, as metodoloxías activas e a avaliación competencial. En ningún caso afectan aos resultados de aprendizaxe nin ao número de créditos das materias.

No caso das fichas das materias de lingua instrumental (compartidas co Grao en Linguas Estranxeiras), actualízanse os contidos e o nivel de lingua acadado en función das modificacións introducidas na modificación do Grao en Linguas Estranxeiras.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Engádense algúns parágrafos, con respecto á memoria anterior, nos que se xustifica a pertinencia nestes momentos da modalidade virtual.

3 Planificación de implantación (cronograma).

	Filoloxía Aplicada Galega e Española [novo - modalidade virtual]	Filoloxía Aplicada Galega e Española [vixente]
2027-2028	implantación de 1º curso	2º, 3º, 4º cursos extinción de 1º curso
2028-2029	implantación de 2º curso	3º, 4º cursos extinción de 2º curso
2029-2030	implantación de 3º curso	4º curso extinción de 3º curso
2030-2031	implantación de 4º curso	extinción de 4º curso
2031-2032		Sen docencia

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

A adaptación desde o Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios segue as mesmas condicións xa establecidas na memoria vixente do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

A adaptación relativa a esta modificación do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española realízase de xeito automático de materia a materia, pois non cambia o plan de estudos.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Non hai extinción dunha titulación, pois esta modificación só implica a actualización de nomes de materias e algúns contidos e a inclusión da modalidade virtual nun título xa existente, polo que pasaría a impartirse en modalidade presencial e en modalidade virtual. Non se alteran a natureza, o nivel académico, os obxectivos formativos nin os resultados de aprendizaxe do título

6 Responsable do título.

Non aplica